



Departamento de Conxunto

Programación de Coro

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	5
3. Atención á diversidade	5
3.1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais	6
4. Temas transversais	7
4.1. Educación en valores	7
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	8
5. Actividades culturais de promoción das ensinanzas	8
6. Secuenciación por cursos	9
6.1. Curso 1º de Grao Profesional	9
6.1.1. Obxectivos:	9
6.1.2. Contidos:	10
6.1.3. Avaliación	11
6.2. Curso 2º de Grao Profesional	11
6.2.1. Obxectivos	11
6.2.2. Contidos:	12
6.2.3. Avaliación	13
6.3. Curso 3º de Grao Profesional	14
6.3.1. Obxectivos:	14
6.3.2. Contidos:	14
6.3.3. Avaliación	15
6.4. Curso 4º de Grao Profesional	16
6.4.1. Obxectivos:	16
6.4.2. Contidos:	17
6.4.3. Avaliación	18
6.5. Curso 5º de Grao Profesional	18
6.5.1. Obxectivos :	18
6.5.2. Contidos:	19
6.5.3. Avaliación	20
6.6. Curso 6º de Grao Profesional	21
6.6.1. Obxectivos:	21
6.6.2. Contidos:	22

6.6.3.	Avaliación.....	22
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	23
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	24
9.	Anexos.....	24
9.1.	Actuacións para a proba extraordinaria de xuño.....	24
9.2.	Criterios para o acceso a outros cursos.....	25
9.3.	Recursos didácticos	26

1. Introducción

Non é necesario explicar a importancia que a materia de Coro ten para a formación musical dos estudantes de música. A achega cultural da práctica coral é de primeira orde no contexto social, ademais de servir como vehículo de comprensión da cultura doutras épocas. É a primeira materia onde os alumnos de instrumentos polifónicos e os de instrumentos históricos van facer música en conxunto, e cun instrumento marabilloso e que posúen todos: a voz. Trátase dunha materia que incorpora un matiz de colectividade.

Dada a autosuficiencia dos instrumentos polifónicos, a practica coral halles proporcionar aos instrumentistas unha perspectiva nova. O instrumentista afástase da polifonía e retorna á orixe, á monodia e á primeira canle expresiva posible: a voz humana. Van a utilizala con maior naturalidade e flexibilidade que o seu propio instrumento, e van afrontar a interpretación dunha melodía (ou unha voz do tecido polifónico) cunha musicalidade e unha intuición con frecuencia entorpecidas pola complexa técnica do seu instrumento.

A actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un “modus operandi” de carácter fortemente individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na que a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos a acadar. A historia amósanos como as capelas musicais de catedrais, igrexas e cortes constituíron a mellor escola para formar compositores e instrumentistas ou cantantes. A actividade coral permite un achegamento á gran tradición polifónica (nomeadamente rica no caso do noso país).

O contraste entre repertorio culto e popular, relixioso e profano, acentúa aínda máis a importancia desta disciplina coral e a necesidade da súa inclusión no currículo das ensinanzas profesionais. Ademais de valores musicais o coro forma tamén a nivel humano, pois se desenvolven valores doutros tipos como poden ser cooperación social (responsabilidade, compañeirismo, axuda), disciplina (necesidade de seguir as indicacións da dirección, atención, concentración, silencio, asistencia, orde).

2. Metodoloxía

A metodoloxía e o xeito de ensinar os contidos para lograr os obxectivos propostos. O profesor debe estudar a estratexia metodolóxica a seguir, preguntándose acerca do xeito de ensinar que será necesario adoptar tanto en función dos contidos coma das características dos alumnos.

A metodoloxía e unha parte de moita relevancia en todo o proceso de ensinanza. Moitas veces o mellor proxecto pode fracasar se non adaptamos os principios metodolóxicos ás características dos nosos alumnos. E importante promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe. Isto intentarase non só na aula, senón tamén en todo o ámbito do conservatorio, procurando que os alumnos acudan a audicións, concertos, concertos didácticos ou conferencias que poidan desenvolverse no centro.

A metodoloxía a empregar terá en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado e propiciará a actitude de descubrimento e investigación, indo sempre do simple ó complexo, do particular ó xeral e do concreto ó abstracto.

A aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente.

Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoiem a adquisición de aprendizaxes en cada momento.

3. Atención á diversidade

En primeiro lugar, hai que aclarar que este punto non se refire ó tratamento do alumnado con necesidades educativas específicas, que se presentará no seguinte apartado, senón que describe as medidas que o profesor toma con todo o alumnado, a través de estratexias variadas, para tratar de dar resposta ás diferentes necesidades

que ten que afrontar. Como consecuencia, enténdense os procesos de ensinanza-aprendizaxe como un proceso no que se fai necesario ofrecer respostas diferenciadas e individuais tendo en conta a diversidade do alumnado.

A atención á diversidade pode partir de actividades cotiás, co fin de obter información sobre as características de cada alumno, sacando conclusións sobre as súas virtudes e carencias, deste xeito, nun primeiro momento haberá que recoller suficiente información sobre o alumno para así poder dar unha resposta axeitada a cada unha das súas necesidades. Como consecuencia diso, en cada unidade didáctica deberanse levar a cabo actividades que poidan dar resposta a todas as necesidades plantexadas no grupo, ben sexan de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten, ou de ampliación para os que amosen facilidade na asimilación e na realización dos traballos.

Nesta materia é moi importante que o trato con cada alumno sexa o máis individual e correcto posible, xa que cada un ten as súas propias necesidades e a súa particular forma de entender o que se lle explica. É tamén fundamental non atentar contra a súa autoestima (con comentarios, ou doutro xeito), pois é necesario que el se vexa con capacidade suficiente para afrontar con éxito os estudos , non todos teñen a mesma capacidade, pero hai que animalos e darlle confianza para que evolucionen axeitadamente. O profesor debe de tratar de comprendelos e propiciar un ambiente construtivo na clase para así, garantir o éxito final na aprendizaxe.

O caso máis elevado de atención á diversidade é o que se presenta no seguinte apartado, que se refire ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, no que entran aqueles casos extremos que se dan tanto por exceso como por defecto.

3.1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como o xeito de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (adaptación da secuencia de contidos e dos criterios de avaliación).

E evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de interpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeito non responderá de xeito igual aos estímulos musicais que o individuo plenamente capacitado. Nada máis lonxe da verdade, xa que como facultade humana a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero, ademais, no alumando discapacitado, a música pode ter outros

importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou auto-estimulación), ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A educación ambiental tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á educación para a saúde, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Cuestión especialmente importante no caso da voz. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á educación para a igualdade de sexos, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.

- A educación para a paz e a tolerancia traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A educación para o lecer traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á educación do consumidor trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a educación moral e cívica abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

O profesorado está en proceso de formación no uso de ferramentas dixitais, investigando o emprego de novos recursos e os beneficios que estas ferramentas poden aportar ó proceso de ensino-aprendizaxe. A materia que tratamos impártese na Aula de Orquestra, pero en ocasións trasládase á aula de Novas Tecnoloxías do centro, para poder facer uso dun ordenador e un proxector e enriquecer o traballo de aula: buscar información, comparar versións das cancións, buscar novo repertorio, etc.

5. Actividades culturais de promoción das ensinanzas

Os alumnos participarán nos concertos do coro do centro, en ocasións en colaboración co resto das diferentes agrupacións do conservatorio. A participación nestes concertos será de carácter obrigatorio.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos / master-class

ao longo do curso. A asistencia a ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable. Así mesmo, o departamento pode organizar actividades externas ó centro en colaboración con outras institucións culturais, que constitúen un magnífico escaparate cara o noso entorno social. No caso do coro e das grandes agrupacións, os concertos forman parte fundamental das actividades culturais do centro e alcanzan gran repercusión social e mediática, polo que valorarase de maneira especial a implicación do alumnado na súa preparación, así como a asistencia a posibles ensaios extraordinarios.

- Preparación algunha obra con Orquestra ou Conxunto Instrumental, adecuada ao nivel dos alumnos.
- Realización de tres concertos no centro: Nadal (repertorio de panxoliñas), Semana Santa (repertorio sacro) e Fin de Curso (repertorio profano). Asemade estudarase a posibilidade de realizar concertos fora do centro.
- Realizar audicións en formato audiovisual de diferentes estilos de música coral.

6. Secuenciación por cursos

6.1. Curso 1º de Grao Profesional

6.1.1. Obxectivos:

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental

como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

6.1.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal
- Vocalización, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto. Entoación de intervalos consonantes nun grao de complexidade básico para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Interpretación de repertorio de estilo polifónico a tres ou catro voces iguais ou mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes).
3. Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, e de claros contornos tonais. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos).
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).
6. Entoar notas soltas a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada).

6.2. Curso 2º de Grao Profesional

6.2.1. Obxectivos

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.

- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

6.2.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto
- Entoación de intervalos consoantes (graos de complexidade medio) e disonantes (graos de complexidade baixo) para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.

- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres o catro voces iguais ou mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio tratase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes).
3. Repentizar obras homofónicas de pouca dificultade, e de claros contornos tonais. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos)
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).
6. Entoar intervalos a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade

e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada

6.3. Curso 3º de Grao Profesional

6.3.1. Obxectivos:

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas

6.3.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da

emisión vocal.

- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade medio para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio tratase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes).
3. Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade, e de claros contornos

tonais. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).

4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos).
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).
6. Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada

6.4. Curso 4º de Grao Profesional

6.4.1. Obxectivos:

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos

interpretativos de cada un deles.

- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas

6.4.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade alto para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio tratase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes).
3. Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos).
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).
6. Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada

6.5. Curso 5º de Grao Profesional

6.5.1. Obxectivos :

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas

6.5.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade alto para afianzar a afinación.

- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.5.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio tratase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes).
3. Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos).
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).

6. Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.

6.6. Curso 6º de Grao Profesional

6.6.1. Obxectivos:

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical
- d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- g) Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- h) Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas

6.6.2. Contidos:

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade alto para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais

6.6.3. Avaliación

Criterios de avaliación:

1. Reproducir en cuarteto –ou o correspondente reparto– calquera das obras programadas durante o curso. (Mediante este criterio tratase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección).
2. Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. (Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación a eficacia do conxunto e a

actitude de colaboración entre os participantes).

3. Repentizar obras homofónicas de mediana dificultade. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura a vista).
4. Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de mediana dificultade. (Tratase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos).
5. Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. (Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido).
6. Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. (Con este criterio tratase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada).

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Durante o curso o profesor ou profesores de departamento revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, sempre tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo adicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e os seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

O profesor ou de ser o caso as reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento. Deste xeito valorarase o grao de cumprimento da programación, os resultados artísticos, os resultados académicos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentarase regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Por último revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos. Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento como é o material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc...

En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

9. Anexos

9.1. Actuacións para a proba extraordinaria de xuño

Este exame consistirá en dúas partes:

1. Repertorio:

O alumno escollerá para a súa execución catro obras entre as traballadas durante o curso. Primeiro cantará a súa parte individualmente e despois interpretará a obra en conxunto. Este conxunto, que deberá ser aportado polo alumno, constará de

un cantor por voz. O repertorio escollido terá que ser notificado ó profesor correspondente como mínimo 24 antes do exame. O profesor non estará obrigado a dirixir o conxunto presentado

2. Lectura a primeira vista:

O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar un fragmento vocal non necesariamente correspondente ao repertorio traballado durante o curso. Durante este período de preparación, o alumno non poderá entoar o fragmento nin axudarse de ningún instrumento. Posteriormente executará individualmente o fragmento axudado exclusivamente dun diapasón para collelo ton.

9.2. Criterios para o acceso a outros cursos.

Todos os aspirantes, independentemente do curso ó que se presenten realizarán as mesmas probas:

- Lectura a primeira vista: O alumno disporá de 5 minutos para ler e analizar un fragmento vocal. Durante este período de preparación, o alumno non poderá entoar o fragmento nin axudarse de ningún instrumento (agás un diapasón). Posteriormente executará individualmente o fragmento axudado exclusivamente do diapasón para coller o ton.
- Proposta de repertorio: O alumno propondrá ó tribunal un listado de catro pezas corais (das cales aportará unha copia da partitura) de estilos e épocas diferentes e de dificultade adaptada ó curso que se presenta. Deberá cantar a súa voz das pezas ou fragmentos que indique o tribunal. Os membros do tribunal poderían cantar ou tocar no piano o resto das voces que non sexan a do alumno. Para cada curso a configuración de voces poderá ser diferente:
- Para acceso a 2º Curso de Grao Profesional as obras deben estar escritas a dúas ou máis voces iguais (só homes ou só mulleres) ou mixtas (homes e mulleres).
- Para acceso a 3º ou 4º Curso de Grao Profesional as obras deben estar escritas a tres ou máis voces iguais (só homes ou só mulleres) ou mixtas (homes e mulleres).

- Para acceso a 5º ou 6º Curso de Grao Profesional as obras deben estar escritas a catro ou máis voces iguais (só homes ou só mulleres) ou mixtas (homes e mulleres).
- Interpretación: O/a aspirante non está obrigado a aportar o conxunto vocal necesario para a interpretación das obras, aínda que podería valorarse se así o fixese e o grupo debería estar formado por 1 ou 2 cantores por voz. De calquera xeito o/a aspirante, axudado/a unicamente por un diapasón, dará os tons das pezas propostas por el/ela. Despois entoará a súa voz e o tribunal poderá pedirle que cambie algúns aspectos da súa interpretación (tempo, fraseo, color de voz...) para valorar así a flexibilidade do aspirante.

9.3. Recursos didácticos

Os recursos didácticos empregados serán entre outros as seguintes obras:

- PEREIRO, P.: Baila nena
- GROBA, R.: Canto de berce.
- CHUECA Y VALVERDE: La Gran Vía
- ASENJO BARBIERI: El barberillo de Lavapiés
- VIVALDI, A.: Gloria RV589
- FAURÉ , G.: Requiem op 48
- SAINT-SAENS, C.: Oratorio de Noel
- MENDELSSOHN, F.: Deines Kinds Gebet erhöre
- KODALY, Z.: Stabat Mater.

Recursos materiais

- Aula de acordo ás necesidades da materia.
- Arquivo de partituras corais.
- Equipo de son. Piano.
- Aparello de vídeo.